



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Nomeamento de funcionario de carreira do Concello de Brión para unha praza de oficial de administración

ANUNCIO

Por medio de Resolución da Alcaldía, núm. 528/2025, de data 14.08.2025, resolveuse que :

O Concello de Brión convocou no seu día, Boletín Oficial da Provincia do 26.09.2024, Diario Oficial de Galicia do 24.10.2024, no Boletín Oficial do Estado do 01.11.2024, e no taboleiro de edictos do concello e páxina web municipal, proceso selectivo para a cobertura mediante funcionario de carreira, dunha praza de oficial administración, e creación dunha bolsa de traballo, mediante o sistema de oposición, incluída na oferta de emprego público do concello do ano 2024 (BOP núm. 133, do 11.07.2024), encadrada na escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2.

Rematado o procedemento selectivo, o tribunal acordou propoñer para o seu nomeamento como funcionario de carreira a ÓSCAR DORAL GARCÍA, por ser o aspirante que acadou a maior puntuación, téndose publicado a acta na páxina web e no taboleiro de edictos do concello con data 23.07.2025.

Resultando que o interesado presentou en prazo a documentación establecida na base 9.3. da convocatoria, mediante escrito con rexistro de entrada núm. 202599900001363, do 05.08.2025.

Considerando que é competencia desta alcaldía o nomeamento dos funcionarios propios da corporación, segundo o establecido no artigo 21.1.h. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, resolvo:

1º) Nomear funcionario de carreira deste concello a **ÓSCAR DORAL GARCÍA**, DNI: ***4997**, para a praza de oficial administración.

2º) Consonte co disposto na base 9ª o interesado deberá tomar posesión e incorporarse e iniciar a relación de servizo, en todo caso, no prazo máximo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP; de tal xeito que a eficacia desta resolución estará condicionada á posterior e efectiva incorporación no prazo sinalado.

3º) O nomeamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia, na páxina web e no taboleiro de edictos do concello, consonte co disposto na base 9ª.5. da convocatoria.

4º) Aprobar a bolsa de traballo temporal derivada desta convocatoria segundo a proposta realizada polo tribunal, que queda formada polas seguintes persoas, segundo a orde resultante da puntuación acadada no proceso selectivo, por ter superado todos os exercicios obrigatorios da fase de oposición.

1º) FERNANDEZ LOPEZ, JAVIER.

2º) SABORIDO PIÑEIRO, LIDIA.

3º) RODRÍGUEZ SUAREZ, SILVIA.

4º) VILLARES Balsa, MARIA DOLORES.

5º) MEIZOSO MAZAS, SANDRA.

6º) ASTRAY BARCA, MINIA.

5º) Consonte co disposto na base 10ª da convocatoria coa creación e entrada en vigor efectiva desta bolsa substituirase e anularase calquera outra con obxecto e/ou características equivalentes que puidera estar vixente no concello.

O que se fai público, aos efectos oportunos, e de acordo co disposto nas bases reguladoras do referido proceso selectivo e do resto de normativa aplicable.

Brión, 21 de agosto de 2025.

O Alcalde

Pablo Lago Sanmartín